



# Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02

Unha vez examinada a documentación, de 2 de febreiro de 2021, presentada por Electrodomésticos Perlada S.L., promotora das obras de Construción dunha nave para almacén para aluguer de maquinaria e equipos para a construción, sita no Parque Empresarial de Os Acivros, Fase II, parcelas 36-37, diste Concello, para a que solicita a bonificación de licenza de obra, emítese o seguinte

## INFORME:

A normativa vixente de aplicación ven fixada polo Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada, polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para ampliación do parque empresarial "Os Acivros", polo Decreto 83/2008, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da L.S.G.

Segundo a normativa urbanística vixente, as instalacións de referencia atópanse en Solo Urbano, Ordenanza IA: edificación industrial acaroadada. O uso está permitido pola normativa urbanística de aplicación.

Entende este técnico que as obras aprobadas, pola área nas que se atopan encadradas, Polígono Comercial e Industrial "Os Acivros", presentan un especial interese económico, social e de fomento do emprego, e así debería ser declarado polo Pleno da Corporación beneficiándose da bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Juan García Pérez.

Arquitecto do Servizo de Urbanismo do Concello de Chantada.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

